

AS DÚAS IRMÁS

A. e B. voltaban a casa contentas aquela mañán. A. achábase neses momentos contando unha anécdota a B., que lle acontecera na aula superior. B. ríase con ganas. B. gostaba de como a súa irmá contaba as historias. Gostaba dos xestos que facía ao contalas, das expresións que puña a súa morena cara, das caretas que facían que ensinase os seus dentes brancos, en perfecta ringleira. Aquela mañán foran das primeiras, aturando empurróns e abanamentos, en recibir a axuda humanitaria: medio quilo de fariña, media ducia de ovos e un quilo de carne seca. O suficiente para se manter elas e os pais durante a próxima visita dos camións, até despois de tres días. Tamén pasaran pola fonte, agora que se reestabelecera a agua potábel na cidade, aturando tamén unha grande cola, e polas ruínas, a coller anacos de madeira para ter lume á noite. Despois desa mañá frutífera estaban contentísimas. Non era para menos: ter comida, agua e lume era unha cousa que nos últimos tempos escaseaba. Mais iso vai mudar, di A. toda optimista; agora estamos en paz e as cousas van ir a mellor, xa verás. B. asente coa cabeza. Ela tamén quere crer que iso vai ser así. Que as cousas, tras tocar o fondo da poza coa guerra, só podían ir a mellor. Mais había un algo, unha sombra que sobrevoaba constantemente o seu ánimo, que facía que non puidese ver as cousas con máis alegría, con máis optimismo. Quizá era porque xa estaba cansa de ver a aqueles homes enfardados de marrón claro e con metralladoras vaguear pola cidade con ese ar de malandrice e ollando para ela e para a irmá cun ollar do que non gostaba nada. Quizá por espertar cada día coa noticia de que algún coñecido delas, da familia, morrera en tal ou cal incidente, ou que se pasou á resistencia, ou que foi abatido a balazos nun asalto a un cuartel.

B. desde que ela tiña memoria, só coñecía a miseria. Miseria antes da guerra, co embargo, cando tiveron que deixar a escola para procurar comida, para non morrer á fame, aínda que tanto daba, pois na escola mamente se podían dar aulas, sen os lapis que non deixaran entrar, pois, disque, a grafita tiña un compoente químico co cal se podía facer armamento. Miseria na guerra, a fuxir dos bombardeos, das chamas, da metralla, dos tiroteos, dos berros, da fame que cada vez se convertía máis nun costume que nunha carencia. E miseria agora, despois da guerra, a pesar de B. seguir a ouvir algunha que outra raxada de metralladora ou algún disparo illado na noite.

A., no entanto, olla a realidade desde outra perspectiva. Ela anseia acabar os cursos superiores, saír do país e ir estudar ao estranxeiro. Converterse nunha boa doutora. Voltar á casa. Curar o pobo. Sandar o pobo. E para iso non lle importaba esperar vez todos os días diante dos camións de axuda humanitaria ou estar no constante perigo que é pasar ao pé dun posíbel carro bomba ou duns soldados que che poidan confundir co inimigo.

As dúas irmás falan, animosas, semellan faceren planos sobre o futuro. B. métese con A. e dille que muito se nota que gosta de C., aquel rapaz moreno con ollos cor de oliva. A. dá unha pancada ao chan coa alpargata e mancha a saia da irmá coa poeira. B. ri e segue a chancelar, sen ouvir ao lonxe unha descarga e o asubio. Olla para a súa irmá xusto para ver como esta recibe no peito dereito, un peito que nunca se encherá de leite e que nunca será chuchado por un suposto fillo, tres balas que lle segan a vida nun instante, seguidas doutras tres que lle dan no ombreiro. B. olla como a súa irmán é empurrada cara a atrás e xa só lle dá tempo a comezar a ter unha imensa tristeza, porque sabe que a súa irmá está morta, mais só lle dá tempo a ter unha xénese dalgo, porque deseguido recibe ela no seu ventre, un ventre virxe, que aínda non foi acariñado por nengunha man apaixonada, e ela mesma nota como vai caíndo, como solta a bolsa con

axuda humanitaria e un par de táboas que tiña para se queceren ela e a súa familia esa noite que ela xa nunca mirará...

A boca das metraladoras aínda fumegan cando a patrulla chega ao pé dos corpos inertes das dúas irmás. Xa che dixeran que ollaras antes polos binóculos, di un dos soldados, que ao mirar os corpos das raparigas dirixe o seu pensar cara a irmá que ten alá, tan lonxe. Porra, pensaba que esas táboas eran fusís, di o soldado que repara no fermosa que é A. O soldado que ten a irmá tan lonxe axoéllase, repara na bolsa de axuda humanitaria, nos bidóns de agua, un deles esfuracado. Hai algo que nota racharse no seu interior. Imos, di, hai que dar parte do acontecido. O soldado que reparou no fermosa que é A. olla para o seu compañeiro: que imos dicir, pregunta. O soldado que ten a irmá tan lonxe segue cos ollos pousados nos cadáveres. Finalmente responde: e que imos dicir, pregunta, que nos confundimos; non hai outra cousa a dicir.